

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os animais **vertebrados** teñen un esqueleto interno formado por ósos do que forma parte a columna vertebral.

Hai cinco grupos de vertebrados: mamíferos, aves, réptiles, anfibios e peixes.

Os animais **invertebrados** son os que non teñen ósos nin columna vertebral.

Hai seis grupos de invertebrados: esponxas, medusas, vermes, moluscos, equinodermos e artrópodos.

1 Escribe V se é verdadeiro ou F se é falso.

- ☐ Os animais vertebrados teñen un esqueleto interno formado por ósos.
- ☐ A columna vertebral é a parte central do esqueleto.
- ☐ O corpo dos vertebrados divídese en cabeza e extremidades.
- ☐ Os mamíferos non son animais vertebrados.
- ☐ A maioría dos invertebrados son vivíparos.
- ☐ Os insectos teñen un esqueleto externo.

2 Observa as fotografías e clasifica estes animais en vertebrados ou invertebrados.



- Di a que grupo pertence cada un dos vertebrados e menciona algunha característica importante do grupo.

- Di a que grupo pertence cada un dos invertebrados e menciona algunha característica importante do grupo.

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os animais toman alimentos que proceden doutros seres vivos, por iso son heterótrofos. Segundo a forma de alimentarse, poden ser carnívoros, herbívoros e omnívoros. Os preeiros son un tipo de carnívoros.

A maioría dos animais teñen reprodución sexual. Nela interveñen dous proxenitores: un de sexo masculino e outro de sexo feminino. Segundo a súa forma de nacer, divídense en ovíparos e vivíparos.

Algúns animais reproducense de forma asexual. Neste tipo de reprodución só intervén un individuo.

1 Completa con palabras o recadro.

preeiros – animal – herbívoros – animais – omnívoros – carnívoros – herba – vexetal

- As vacas comen _____. Son animais _____.
- Os lobos aliméntanse doutros _____. Son animais _____.
- Algúns escaravellos aliméntanse dos _____ doutros animais. Son animais _____.
- As galiñas comen alimentos de orixe _____ e _____. Son _____.

2 Explica a diferenza entre reprodución asexual e sexual nos animais, indica cantos individuos interveñen en cada caso e pon un exemplo.

- Reprodución asexual. _____

- Reprodución sexual. _____

3 Contesta.

- Como se chaman os animais que teñen crías que nacen do ovo? Pon un exemplo.

- Como se chaman os animais que teñen crías que nacen do ventre da nai? Pon un exemplo.
